



ACTA XUNTA DIRECTIVA

As persoas que á marxe se nomean, convocadas en tempo e forma, reúnen-se o **xoves día 10 de Febreiro de 2022** vía telemática para trataren a seguinte

D. Manuel Mouzo Méndez

Presidente

D. Jose Ramón Castro Varela

Delegado A Coruña

D. Javier Méndez Alonso

Pte. Comité Salmónidos

D. Gabriel Fernández Vázquez

Delegado Ourense

Delegado Pontevedra

D. Ramón Souto Pérez

Tesoureiro

Subdelegado A Coruña

Pte. Comité Mar Rocha e Embarcación fondeada

D. Manuel Rodríguez Meira

Pte. Comité Xuíces

D. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

ORDE DO DÍA

1. Axudas deportistas alta competición.
2. Calendario 2022.
3. Axudas competicións.
4. Contas 2021.
5. Competicións Nacionais.
6. Gala do deporte.
7. Horarios competicións Mar Costa.
8. Auditoria.
9. Regulamento Electoral.
10. Rogos e preguntas.

O Presidente abre a xuntanza ás 21:00 horas do día sinalado no encabezamento.

1.- Axudas deportistas Alta Competición. O Presidente propón pasar de 200€ a 500€ nas axudas aos deportistas de Alta Competición. Non habendo obxeccións queda aprobado por unanimidade e pendente de ratificación en Asamblea Xeral Ordinaria.

2.- Calendario 2022. Realízanse trocos nas datas e escenarios do calendario da FGPeC debido a modificacións no calendario da FEPyC. O calendario de competicións da FGPeC será remitido a tódolos clubs e informado na vindeira Asamblea Xeral, malia que xa dende a tempada 2019 ésta, ao non haber Comisión Delegada, ten delegada esa competencia na Xunta Directiva.

3.- Axudas competicións. Debátese a proposta de que a FGPeC asuma os custos de cea e durmida nas competicións a 2 días seguidos. Non habendo obxeccións queda aprobado por unanimidade e pendente de ratificación na vindeira Asamblea Xeral.

4.- Contas 2021. O Presidente fai balance das contas de pemes ao peche do 31/12/2021.

5.- Competicións Nacionais. Debido a que os escenarios de Spinning, pesca dende rocha e Corcheo Mar son este ano en Ceuta, Baleares e Melilla respectivamente, e debido ao acordo existente en Asamblea Xeral sobre a non participación en competicións nacionais que se desenvolvan fóra da península, propónse que nas modalidades nas que exista Alta Competición, os deportistas de Alta que queiran participar para non perder esa condición, reciban a axuda dos 500.- € que lles correspondería como deportista de Alta, no caso de que fose aprobada pola Asamblea Xeral, e asuman eles tódolos gastos derivados da súa participación. En todo caso, so se inscribirán para esas competicións a deportistas que



teñan a condición de Alta. A proposta, que ten o visto e prace do distintos Comités, será sometida a ratificación en Asamblea Xeral Ordinaria.

6.- Gala do Deporte. O Presidente propón otorgar un premio honorífico a Victor Serantes Chantada pola súa labor desinteresada na FGPeC ao longo de moitos anos. Non habendo obxeccións queda aprobado por unanimidade e pendente de ratificación en Asamblea Xeral Ordinaria.

7.- Horarios competicións Mar Costa. O Presidente propón modificar o horario de remate das competicións de Mar-Costa e rematar as 00:00h cando estea vixente o horario de verán. Non habendo obxeccións queda aprobado por unanimidade e pendente de ratificación en Asamblea Xeral Ordinaria.

8.- Auditoría. O Presidente informa que este ano 2022 non se vai realizar auditoría da FGPeC.

9.- Regulamento Electoral. O Presidente informa que está traballando na redacción do Regulamento Electoral, segundo a orde publicada no DOG, para sometela a aprobación na vindeira Asemblea Xeral Extraordinaria.

10.- Rogos e preguntas.

Fálase doutros temas de diversa índole, sen que se medie solicitude expresa de facer constar en Acta.

Esgotada a ORDE DO DÍA, o Presidente da por rematada a xuntanza ás 22:10h.
Eu coma Secretario dou Fe.

Asdo. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

Vº e Prace:
Manuel Mouzo Méndez
Presidente